

## &gt; CONVERSACIONES EN LA DISTANCIA

En esta serie de Conversaciones en la Distancia se recogen los encuentros mantenidos por el autor con distintos escritores, la mayoría de los cuales son hoy unos clásicos de la literatura española. Con cada uno compartió un tiempo, breve unas veces, más generoso, otras. Estas charlas tuvieron lugar en diferentes épocas, a lo largo de los últimos treinta años, y siempre se llevaron a cabo en Ferrol, en algún lugar público, restaurante o cafetería, aprovechando

la visita de los escritores a la ciudad para impartir alguna conferencia o participar en algún acto cultural. Las notas que el entrevistador tomó han ido engordando las hojas de un cuaderno sobre el que ha pasado el tiempo, pero que conservan su interés y actualidad. O eso creemos. Recuperarlas ahora nos permite hacer una semblanza completa, con datos biográficos y bibliográficos, del personaje entrevistado tiempo atrás.

# Carlos Casares, unha infancia feliz

Naceu en Ourense (1941) e morreu en Vigo (2002) prematuramente. Era un conversador animado, divertido, culto e atento e pasar o tempo falando con el era todo pracer. Porque tamén sabía escoitar

Coincidimos moitas veces en sitios diferentes. Era un pracer pasar un tempo de lecer falando con Carlos: era un conversador animado, divertido, culto e atento, porque falando con el nunca ninguén se sentía desprazado ou anulado pola súa capacidade conversadora. Tamén sabía escoitar, e animar a quen contaba algo interesante, e agradecer aos que compartían un intre de ocio con el. Un gran tipo, un personaxe inesquecible, Carlos Casares. Das moitas veces que coincidimos, a maioría foi en Ferrol, adonde el viña sempre que era invitado a falar de Torrente Ballester. Tamén estivo no seu enterro, claro. Eran moi amigos, e a morte de Torrente sentiuna profundamente. A pesar da diferenza de idade entre un e outro, os dous escritores chegaran a unha identificación humana e intelectual tan só posible nas grandes amizades.

Pois foi nunha desas ocasións en que viña por Ferrol cando tomamos un longo café nun bar do porto e falamos de moitas cousas, algunhas delas quedan aquí reflectidas. Era o cabodano de Torrente Ballester, e nin Carlos nin eu podíamos sospeitar que a el lle quedaban dous anos máis de vida. A morte de Carlos, tan prematura, tan inesperada, foi unha mala noticia para os galegos e para Galicia. A súa personalidade tan polifacética era moi necesaria para axudar a construír ese país que todos queremos.

—Eu nacín en Ourense, aínda que aos catro anos fomos vivir a Xinzo de Limia, unha vila pequena. Pero cando lembro a miña infancia, penso máis en lugares como Sabucedo, Lamas ou Beiro, aldeas ourensás, onde tiña tíos e primos. Alí pasei largas tempadas de verán, alí aprendín todo o relacionado co mundo rural, que me pareceu fascinante, e, sobre todo, alí era absolutamente libre. Porque en Xinzo estaba máis controlado, na vila non tiña a liberdade da que gozaba na aldea. Meu pai era mestre, home de moito sentido común, e miña nai era unha muller da súa casa, moi boa xente. Quizais por todo isto, a miña infancia foi moi feliz, aínda que os tempos non estaban moito pola labor.

Segundo o dito popular, «quen tivo unha infancia feliz, conserva para sempre a inocencia», e no caso de Carlos Casares parece que se cumpría. Na súa cabeza ben organizada e intelixente, conservaba un recuncho para a sinxeleza e a inocencia, potenciadas por un corazón nobre e xeneroso.

Un home con tantas dedicacións e responsabilidades como el (foi presidente do Consello da Cultura Galega, académico da Real Academia Galega, director da editorial Galaxia, articulista diario, investigador, conferenciante, no-



RAMÓN LOUREIRO



Casares dálle a aperta ao Apóstolo (2000)

velista, dinamizador da cultura, etcétera) sempre atopaba un tempo na xornada diaria para estar cos seus, falar cos amigos, xogar cos trens eléctricos ou cos cans e gatos da casa, ter un faladoiro divertido coa desculpa do xantar ao mediodía... Carlos Casares tiña a rara facultade de dominar o tempo, de ser dono de cada un dos seus recunchos para vivilos con proveito.

> José A. Ponte Far

## Dono do seu tempo e da súa fala

Pregúntolle polas raíces da súa inspiración.

—¿Ten algo que ver esta infancia rural, ceibe polas aldeas de Galicia, co feito de que optases, dende o primeiro momento, polo galego como lingua literaria?

—Sen dúbida. A base do meu galego é a lingua que escoitei por estas aldeas, onde vivín rodeado dun ambiente totalmente galego e onde ninguén falaba en castelán. Despois, na casa, meu pai falaba sempre en galego e miña nai en castelán. Na miña época de estudante de bacharelato eu asociaba escribir a facelo en castelán; non podía imaxinar que o galego fose unha lingua para escribir algo máis que poesía, porque eu só coñecía a Rosalía e a Curros Enríquez, de oír a meu avó recitando poemas de ambos os dous. Eu mesmo, de rapaz, escribín poemas en galego, pero non foi ata chegar a Santiago para estudar na universidade, cando descubrí o galego como lingua literaria. E, de contado, empecei a escribir contos en galego.

—Indo un pouco ao fondo do problema, ¿como ves a situación actual da lingua galega e como intúes que pode

ser o seu futuro?

—O presente non é malo: estúdase galego na escola e no ensino secundario, editanse cada vez máis libros no noso idioma, hai unha televisión galega, unha Academia con ideas e iniciativas, unha inqueданza positiva en moita xente. O que pasa é que nos falta unha planificación rigorosa e unha mobilización decidida da opinión pública. Coido, pois, que se trata dun problema social e político. Os cataláns, por exemplo, cuns medios xurídicos e económicos semellantes aos nosos, están recuperando a lingua. Nós, con inversións moi fortes, non temos esa eficacia. Falta un plan decidido e falta o compromiso da propia sociedade galega para defender o seu idioma. É certo, por outra parte, que o galego non é o único idioma de Galicia, pois moitos cidadáns galegos nunca oíron falar galego na súa casa. Con este sector hai que traballar con moito coidado, tratando de que aprendan tamén o galego, de que o aprecien e valoren, e que o poidan utilizar en certas circunstancias, aínda que a súa lingua siga a ser o castelán. Sen máis dramas e, por suposto, sen ningún reproche.



## Obras máis coñecidas do autor

- «Vento ferido» (1967)
- «Cambio en tres» (1969)
- «Xoguetes para un tempo prohibido» (1975)
- «Os escuros soños de Clío» (1979)
- «Ilustrísima» (1980)
- «Os mortos daquel verán» (1987)
- «Na marxe de cada día: follas dun diario» (1994)
- «Deus sentado nun sillón azul» (1996)
- «Un país de palabras» (1999)
- «O sol do verán» (2002)

Como escritor de literatura infantil,

publicou:

- «A galiña azul» (1968)
- «As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas» (1973)
- «O can Rin e o lobo Crispín» (1983)
- «Lolo anda en bicicleta» (1996)
- «O galo de Antioquia» (1994)
- «Un polbo xigante» (2000)
- A serie de Toribio: «Este é Toribio» (1991), «Toribio contra o profesor Smith» (1991), «Toribio e o contador de contos» (1991), «Toribio ten unha idea» (1992) e «Toribio revoluciona o tráfico» (1994).

Parte dos artigos periodísticos publicados en La Voz de Galicia, foron recollidos en varios tomos, publicados, como case toda a súa obra, pola editorial Galaxia: *Á marxe. Palabra de escritor* (2 de xaneiro-10 de marzo de 2002) (2003); *Á marxe, 1992* (2005); *Á marxe, 1993* (2005); *Á marxe, 1994* (2006); *Á marxe, 1995* (2006).

### Texto de *Ilustrísima* (páx. 133)

«O barracón, de piso terreo, víase que fora un antigo forno. Contra o fondo, enganxada cunhas cordas a unha trabe, caía unha sábana vella de liño, casi amarela. Á dereita erguíase unha pequena tribuna de caixóns medio disimulados por unha bandeira española descolorida, e da outra banda, de costas aos bancos que ocupaba o público, un piano vello. Tocaba nel sen demasiado entusiasmo unha muller delgada, un algo chepada, que de cando en vez lle botaba unha ollada ao meniño que dormía nun seón ao pé dela. Atado a unha das patas do piano, un can pequeno, esmirriado e suxo».

## Xornalista

A súa colaboración xornalística foi unha faceta que ocupou gran parte da súa actividade como escritor.

—Unha das notas máis características da túa literatura, e por tanto e sobre todo, dos teus artigos periodísticos, que é unha maneira de levar a literatura aos xornais, é o estilo sinxelo co que escribes.

—É un xeito de escribir moi conscientemente adoptado por min, moi reflexionado, que, no fondo, ten que ver co concepto que un ten da literatura. Como é un tema un tanto teórico, para non caer nunha explicación metalingüística, vou expoñelo por medio dun exemplo máis obxectivo. Unha ventá pode non ser outra cousa que un simple medio ou, polo contrario, converterse ela mesma en adorno. No primeiro caso, o fundamental é a limpeza do cristal, que non cumpre outra función que a de facilitarnos sen máis a visión de canto se estende máis alá dos muros que nos separan do exterior. No segundo, en cambio, o que importa é a beleza policroma en que consiste a propia ventá, unha realidade que se basta a si mesma, diferente da que podemos contemplar a través do cristal, pero non menos transcendente nin verdadeira. Nas ventás que nos deixan ver o que hai ao outro lado non somos conscientes da presenza do cristal, ao contrario do que acontece coas outras, que non nos consenten subtraernos ao feito visible da súa existencia. Trasladada esta imaxe ao campo da literatura, ilustráranos dunha maneira moi plástica sobre as dúas concepcións diferentes que os escritores, en xeral, teñen sobre o estilo. As dúas son absolutamente lexítimas, pero a miña coincide co primeiro suposto: a lingua que se utiliza para contar algo non debe notarse, debe ser como o cristal limpo da ventá, non debe distraer do contido, senón que debe trasladarnos limpamente ao narrado. Esta é a miña maneira de entender o estilo literario.

Non obstante, esta maneira de escribir tan sinxela, cun estilo tan limpo e depurado, non é nada fácil de acadar. Agocha debaixo unha gran complexidade técnica, moito traballo de síntese así como unha gran capacidade expresiva e un pleno dominio da alma da linguaxe, esa que permite traducir a palabras os sentimentos e as emocións máis íntimas. O estilo propio dun gran escritor.



BENITO ORDÓÑEZ

O cristal (o estilo) non debe distraer do contido



M. MORALEJO

Acto de homenaxe ao autor o ano 2002

## Do conto á novela

Tamén lle preguntamos polos seus comezos como escritor.

—Da lingua á literatura. ¿Como foron os teus comezos no mundo da narrativa?

—Empecé escribindo contos porque, dende sempre, me interesou o relato breve. Lera moito a Hemingway, Camus, Pavese... Gustábame este xénero porque obrigaba a unha narración sintética, case poética, que implicaba a grandes elipses que che permitían non entrar en explicacións puntuais dos feitos narrados. Así foi como naceu o meu primeiro libro, *Vento ferido* (1967), que, sorprendentemente, esgotou a primeira edición en menos de nada. Despois veu *Cambio en tres* (1969), que non volví a reeditalo porque coído que esa literatura quedou pronto un tanto desfasada. E logo, *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), que pode considerarse unha novela autobiográfica dunha xeración enteira, e que tamén me demostrou a min mesmo que a literatura non tiña por qué ter referencias persoais nin biográficas do autor. Por iso, a seguinte novela, *Ilustrísima* (1980), trata un tema que non ten nada que ver comigo. Nesta obra, empecé pensando en escribir un conto, pretendo enfrontar dúas actitudes opostas ante un feito concreto como é a chegada do cine a un pobo galego: unha tolerante e bondadosa e outra dogmática e intransigente. E o conflito aparecerá lubricado por un humor dulcificador, que é un elemento ironizante e antidogmático por excelencia, así como moi pouco utilizado na nova narrativa galega. Logo volvería a empregalo na seguinte novela, *Os escuros soños de Clío* (1979). Nas dúas novelas seguintes, *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996) pretendín seguir a liña que comezara con *Ilustrísima*, unha reflexión sobre o dogmatismo, que para min é o punto de arranque de moitos males da nosa historia.

## ¡Que gran contador!

Carlos Casares era tamén un gran narrador oral.

Un excelente, por ameno e sabio dosificador dos feitos narrados, contador de historias e de anécdotas. Calquera momento era bo para unha conversa entretida. Nos veráns tiña, dende anos atrás, un faladoiro establecido no Café Monterrey, en Baiona, ao que acudía outro célebre falador e amigo, como xa queda dito, o escritor Torrente Ballester. Eu tiven a sorte de poder asistir nalguna ocasión. Falábase de todo o que ia xurdindo, sen plans previos. Ninguén trataba de demostrar nada, todos sabían escoitar aos demais, prevalecía a sensación de disfrutar do enxeño e do sentido do humor e das cousas gratas que vai ofrecendo a vida. Estes faladoiros ou conversas entre amigos definíraos Casares moi acertadamente como «O ocio agradable de discutir cousas que non serven para nada, é dicir, de tratar asuntos importantes».

Velaquí un fragmento dun dos moitos artigos que Casares dedicou a comentar detalles deste faladoiro de verán:

«Algunhas veces me referín neste pequeno recuncho do periódico á tertulia do verán que mantemos Gonzalo Torrente Ballester e outros amigos, desde hai xa moitos anos, nunha cafetería de Baiona. Ás veces, cando o novelista se sente vago para moverse, arte que practica cunha contumacia admirable, montamos a cháchara no xardín da súa casa da Ramallosa, á sombra duns laranxeiros que dan un froito excelente, verde por fóra e puro azucre por dentro. O que máis me gusta de Torrente nesas tertulias é que cre en moi poucas cousas.

«Por iso nunca se exalta. Os que non o coñecen ben poden pensar que se trata dunha persoa cerebral, o cal é certo, e sen entusiasmos, o cal non é certo. Eu teño visto auténticamente extasiado diante de calquera aparato electrónico ou escoitando unha conversa intelixente. As ideas, non obstante, pásaa sempre pola cabeza [...]».

(*Á marxe*, 1995; edit. Galaxia, páx. 43).

Tamén durante aquel café que tomamos nunha das terrazas do porto de Ferrol houbo tempo para as anécdotas e para «discutir cousas que non serven para nada». Cada vez que paso por diante deste local lémbrome de Carlos Casares, evoco a súa cordialidade e bonhomía, e sinto pena de que, coa súa morte prematura, se perdesse tan boa persoa e tan grande escritor.



RAMÓN LOUREIRO

Casares era moi afeccionado aos trens eléctricos